<p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>	<p>Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies</p>		<p>x</p>		<p>Procedementos: observación directa. Realización de probas de execución</p> <p>Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>

<p>EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.</p>	<p>Realiza e propón actividades no medio natural</p>			<p>X</p>	<p>Procedementos: observación directa. Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS</p>					
<p>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</p>	<p>Representa personaxes, situacións, utilizando os recursos expresivos do corpo</p>		<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa. Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</p>	<p>Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais</p>		<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa. Probos de execución Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>

<p>EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.</p>	<p>Leva a cabo bailes galegos seguindo unha coreografía básica</p>			<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa.                  Probas de execución                   Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.</p>	<p>Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras</p>		<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa.                  Probas de execución                   Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.</p>	<p>Identifica a capacidade física básica</p>		<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa.                  Probas tics                   Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora</p>	<p>Recoñece a importancia do traballo das capacidades físicas para mellorar as HMB</p>		<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa.                   Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>

das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.					
<b>BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>					
EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Ten interese por mellorar as capacidades físicas	x			<p>Procedementos: observación directa.</p> <p>Instrumentos: Rexistro anecdótico.</p>
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	Coñece os alimentos máis importantes para a mellora de actividade física	x	x	x	<p>Procedementos: observación directa.</p> <p>Probas tics</p> <p>Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio e os perxudiciais dunha vida sedentaria e dieta desequilibrada	x			<p>Procedementos: observación directa.</p> <p>Probas tics</p> <p>Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física,	Adopta e promove hábitos posturais adecuados	x	x	x	<p>Procedementos: observación directa.</p> <p>Traballo individual</p>



recoñecendo a súa importancia para saúde.					Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	Realiza quecementos de forma autónoma	x	x	x	Procedementos: observación directa. Proba de execución  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Mellora as capacidades físicas de partida	x	x	x	Procedementos: observación directa. Probas de execución  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	Relaciona FC e respiración coa intensidade das actividades	x			Procedementos: observación directa. Probas tics  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Adaptar o esforzo a actividade	x	x	x	Procedementos: observación directa. Probas de execución

					Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	Coñece as lesións máis importantes no mundo deportivo e as accións preventivas e primeiros auxilios	x			Procedementos: observación directa. Probas tics. Proba de execución  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB5.3.1 Explica e reconece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Ten interese por mellorar as capacidades físicas			x	Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico.
<b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>					
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Resolve situacións básicas de táctica individual e colectiva	x	x	x	Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control

<p>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Combina HMB axustándose a o espazo e tempo</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.</p>	<p>Recoñece a diferenza entre xogos populares, deportes colectivos e actividades na natureza</p>			<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa. Probats  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.</p>	<p>Coñece a historia e orixe de xogos e deportes de Galicia</p>	<p>x</p>		<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa. Traballo escrito  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>
<p>EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.</p>	<p>Realiza xogos de Galicia respectando as regras</p>	<p>x</p>		<p>x</p>	<p>Procedementos: observación directa. Probats de execución  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>

EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Identifica as capacidades físicas nos diferentes exercicios	x			Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Valora a importancia das capacidades físicas na mellora das HB	x			Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Distingue entre xogos e deportes individuais e colectivos	x	x	x	Procedementos: observación directa.  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Describe exercicios usando termos relacionados co aparello motor		x	x	Procedementos: observación directa. Proba de execución  Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se	Elimina residuos correctamente			x	Procedementos: observación directa.

xeran as actividades no medio natural.					Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Respecta a flora e fauna			x	<p>Procedementos: observación directa.</p> <p>Instrumentos: Rexistro anecdótico. Lista de control</p>

## **E. Concrecións metodolóxicas**

Pretenderase que os alumnos e alumnas exploren, descubran e creen nas súas posibilidades de movemento xunto a unha valoración das mesmas. Prestarase especial atención aos coñecementos previos que teñan os alumnos e alumnas, e ás súas diferenzas específicas. Todo isto leva a unha atención individualizada, que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada alumno/a poida atopar.

Non se pretenderá conseguir unha resposta motriz única e válida para todos os alumnos/as, senón mellorar a súa competencia motriz con respecto ao punto de partida.

O neno/a a través de xogos de ocupación do espazo e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espazo e tempo en estruturas máis complexas. Tratarase de desenvolver nos alumnos/as capacidades perceptivo – motrices, capacidades físicas básicas, capacidades sociomotrices así coma as habilidades motrices básicas que contribúan, por un lado ao desenvolvemento integral do/a neno/a e por outro que o/a prepare para futuras prácticas da actividade física e deportiva (inicio nos últimos cursos das habilidades motrices específicas).

Proporanse situacións nas que se deban dar unhas respostas motrices adaptadas ao espazo e problema motriz proposto, aumentando gradualmente a dificultade motriz e normativa dos xogos e tarefas.

As situacións de ensino - aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades se dan moi relacionadas cos contidos relativos ás habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino/aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física sistematízanse contidos referentes á saúde corporal e inclúense procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado.

Buscarase a maior variedade de propostas posibles que vaian dende a libre exploración (a través de ambientes de aprendizaxe – nos primeiros niveis- e

manipulación dos materiais novos) a xogos predeportivos nos cursos máis altos.

O xogo e actividade lúdica primará sobre as tarefas. Utilizaranse:

Xogos de cooperación e cooperación/oposición.

Xogos tradicionais e autóctonos.

Xogos de simulación.

Xogos no campo.

**As agrupacións de alumnos/as** serán as que determine en cada momento, individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase, etc. **No presente curso marcado pola pandemia ocasionada polo COVID-19** evitarase todo contacto físico e procurarase, na medida do posible, o distanciamento entre o alumnado.

Para isto marcáronse no patio círculos distanciados 2m entre eles onde traballar de xeito individual asegurando a distancia recomendada polas administracións sanitarias.

Para lograr as aprendizaxes previstas, no caso do ámbito motor, poden abordarse de xeito global ou ben de forma analítica. Nos primeiros cursos de E.P. traballarase sempre de xeito global e nos cursos altos primaranse, sempre que o contido o permita, as estratexias globais e as súas variantes: global con modificación de situación real e global con polarización da atención.

Entre as estratexias globais e as analíticas atópanse as intermedias ou mixtas tamén traballadas nesta programación.

Os estilos de ensino máis utilizados serán: asignación de tarefas, resolución de problemas, libre exploración e mesmo modificación do mando directo (en sesións de aeróbic por exemplo).

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS A TER EN CONTA:

- Necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a, respectando os seus estadios evolutivos, e as súas posibilidades de razoamento, e aprendizaxe motora.
- Debe asegurarse a construción de aprendizaxes significativas, relacionando os novos conceptos, actitudes e procedementos a aprender cos que xa se posúen. "O contido a aprender ten que ser potencialmente significativo" e o alumno/a "ter unha actitude favorable".

- A intervención didáctica posibilitará que os alumnos/ás realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, utilizando as estratexias e destrezas cognitivas axeitadas.
- Partir da realidade do alumno/a para mellorar a motivación para desenvolver o seu potencial de aprendizaxe.
- O profesor/a é mediador da aprendizaxe.
- O desenvolvemento cognoscitivo tamén pode facerse coa axuda doutros compañeiros, e xorde deste modo a aprendizaxe compartida, socializada e entre iguais.
- O enfoque globalizado será prioritario
- Predominio de actividades lúdicas.
- Metodoloxía activa e investigadora.
- Desenvolvemento do pensamento crítico e creador.
- Aprendizaxe construtiva e significativa dende a experiencia
- Interdisciplinarietà.

### **MODELO DE SESIÓN:**

Utilizarase o modelo de sesión de Santos Berrocal respectando as cinco partes da mesma e duración aproximada.

- Fase de información (5´): explicación da temática a traballar axustándose á idade do alumnado, presentando así a sesión coma unha aventura, xogo ou contido motriz.
- Fase de animación (5´): Adaptación do organismo para o exercicio físico a través de actividades lúdicas e motivadoras para o alumnado (xogos de persecución, con intensidade crecente). Prepara aos nenos e nenas psicolóxica e fisicamente para a seguinte fase.
- Fase de logro de obxectivos (30´): realización das actividades propostas. É a fase de maior intensidade.
- Fase de volta á calma (10´): Exercicios de baixa intensidade, para recuperar a situación basal do organismo. Alongamentos, para previr lesións.



- Fase de análise dos resultados (5´): Posta en común dos exercicios realizados na sesión, intercambio de impresións.

#### AVALIACIÓN:

- Observación durante a sesión.
- Anotación no rexistro anecdotario.
- Anotacións na lista de control

### **F. Materiais e recursos didácticos**

Os profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos diversos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Ademais, deben potenciar o uso dunha gran variedade de materiais e recursos, tendo en conta especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

#### **Instalacións**

- Aula/ corredor de psicomotricidade situado na planta primeira do edificio, empregárase principalmente nas sesións dos luns cos grupos de 1º nivel ao non poder facer uso do pavillón.
- Pavillón polideportivo (superficie útil 45 x 27 m.), situado nun edificio continuo ao cal se accede a través do patio.
- Patio (descuberto), este curso por mor da pandemia será empregado prioritariamente sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

Ademais utilizarase de xeito complementaria as seguintes instalacións:

Aula, traballo sobre fichas. E visualización de vídeos, presentacións...

Sala de Informática: utilización de aplicacións educativas.

#### **Materiais**

Os materiais que se utilizarán serán o máis diversos posible, pero tendo como requisito imprescindible a seguridade.

Ademais do material específico do área de E.F. ( balóns, aros, conos, bancos,

colchonetas, pelotas, raquetas, cordas, gomas elásticas, pandeiretas, picas...), utilizaranse outros recursos do centro como: ordenadores, vídeo proxectores, cámara fotográfica, cámara de vídeo, libros, DVD, modelos anatómicos, internet, material non convencional, de refugallo...

A riqueza na selección dos recursos contribúe a estimular ao alumnado, ofrecéndolle novas posibilidades e experiencias, ao mesmo tempo que mellora a motivación.

O material utilizado será individual, desinfectado polo alumno/a ao inicio e ao remate da sesión.

Este apartado está aberto segundo as necesidades que poidan xurdir na planificación das unidades didácticas e as sesións diarias.

Ao inicio do curso farase unha proposta de adquisición de material á dirección do colexio.

### **G. Criterios sobre a avaliación e a cualificación**

A avaliación terá un carácter formativo, polo que, ademais da valoración dos progresos no plano motriz, tamén interesa constatar a evolución en aspectos tales como: o ámbito cognitivo, o grao de satisfacción dos/as discentes, o esforzo e o interese que poñen á hora de realizar as tarefas pertinentes, o seu nivel de participación, o seu comportamento, a colaboración e axuda prestadas de cara aos que teñen máis dificultades, o respecto de cara ás regras e normas en xeral, ao resto do alumnado, ao material, ao espazo, ao/á docente ao uso da roupa e calzado

Para concluír este apartado, faise fincapé na relevancia que teñen os aspectos que seguen, para poder alcanzar unha avaliación satisfactoria e positiva:

- A asistencia á clase de xeito puntual e habitual (agás motivos xustificadas).
- O uso de roupa e calzado axeitados (chándal, camiseta de algodón e zapatillas deportivas) e o hábito de asearse tras a realización da actividade física. Este curso por mor da pandemia están pechados os vestiarios. O aseo esixido a todo o alumnado é a utilización dunha toalla para secar o suor e a muda da máscara.
- Traer o pelo recollido.

- Non traer colgantes, pulseiras, pendentes ou reloxos susceptibles de causar lesión.
- Uñas curtas.
- Adopción de hábitos posturais correctos.

### **Tipos e momentos de avaliación:**

#### Avaliación inicial

Presenta unha relevante importancia naqueles grupos que cambian de mestre.

Para isto utilizaranse os seguintes instrumentos e estratexias:

- Intercambio de información co mestre/a que impartiu clase de EF no curso anterior.
- Comunicación constante co titor/a e co equipo docente que imparte algunha materia neste curso.
- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior
- Actividades e xogos de repaso dos contidos mínimos acadados o curso anterior.
- Observación continua do alumnado nas actividades de repaso que se realizan en cada UD así coma na primeira quincena de setembro, coincidindo coa Unidade1.

Coñecemento personalizado do alumnado co fin de adaptar o máximo posible a programación ás características e necesidades de cada un dos alumnos/as

#### Avaliación continua

Permite detectar os acertos e erros e en consecuencia, orientar, manter e ou modificar plans.

Realízase por medio dos datos recollidos nos distintos rexistros procedentes de:

- o A observación sistemática por parte do profesor durante o desenvolvemento das sesións, tanto a nivel afectivo-actitudinal como motora.
- o As probas periódicas confeccionadas polo profesor/a ao final de cada unidade didáctica a nivel motriz, cognitivo e de detección de erros.
- o Autoavaliación, como factor básico de motivación, de cooperación profesor- alumno e coñecemento inmediato do seu propio proceso educativo.

#### Avaliación final

Permite comprobar se se conseguiu o desenvolvemento de capacidades e as finalidades previstas, constatando como incidiu a intervención pedagóxica e como se realizou todo o proceso

determinando aquilo que se podería mellorar no futuro.

**Criterios de cualificación**

Teranse en conta cada un dos estándares de aprendizaxe e a súa consecución. Realizaranse rexistros diarios e probas puntuais para comprobar o grado de consecución dos mesmos.

A Avaliación final dividirase en catro grandes bloques de porcentaxes:

1. 40% - CONTIDOS PROCEDIMENTAIS: Aptitudes e destrezas para o desenvolvemento da materia. Os instrumentos de avaliación utilizados serán as escalas de observación, concretas para cada unidade. (4 puntos)
2. 20% - CONTIDOS ACTITUDINAIS: Esfuerzo e motivación (2 puntos). Restaranse 0,2 ptos cada vez que o alumno/a non realice o traballo proposto, mostre unha actitude negativa cara os compañeiros, así como hábitos pasivos de traballo,
3. 20% - ASEO E HIXIENE: Emprego nas sesións do material adecuado: chándal, zapatillas deportivas,... así como material de aseo (este curso, por mor da COID-19 as rutinas de aseo – limpeza persoal e muda de camiseta e calzado- non se poderán levar a cabo. No seu lugar o alumnado deberá traer unha toalla para sacar o suor e unha máscara de cambio para mudar ao finalizar cada sesión de EF. (2 puntos). Desconta 0,2 cada falta de indumentaria deportiva ou material de aseo.
4. 20%- CONTIDOS CONCEPTUAIS: Valoraranse mediante probas oráis, escritas, traballos artísticos, interactivos... propostos nas UD.

**H. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

**Indicador de logro do proceso de ensino**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe..				

3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.....				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

**Indicador de logo da práctica docente**

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
6. Combínase o traballo individual e en equipo				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe				

10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

**I. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede, por non existir neste momento ningún alumno/a en tal situación.

**J. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**

A hora de deseñar a avaliación tivéronse en contra aspectos coma coñecer a autonomía dos nenos/as, o nivel de habilidades motrices básicas, o equilibrio e a expresión corporal. Para isto elaboráronse unha serie de actividades relacionadas coas accións individuais, accións colectivas, xogos de oposición- colaboración e movementos libres e dirixidos con música.

Estas son as probas tipo:

- Xogos de coordinación motriz
- Percorridos de habilidades con zonas de maior e menos dificultade
- Xogos de música e cancións dirixidas
- Circuitos con varias estacións onde o alumnado experimentará co

material del cada zona.

- Test de condición física (para coñecer a condición física inicial do alumnado)
- Xogos predeportivos de cooperación oposición que impliquen estratexias de xogo así coma diferentes habilidades motrices (lanzamentos e recepcións)
- Xogos que poñan de manifesto as habilidades motrices do alumnado (saltos á comba, manipulación de obxetos, lanzamentos e recepcións...).
- Cuestionario médico e de actividade física enviado ás familias.

Medidas:

A primeira avaliación levarase a acabo na unidade 1 mediante xogos diversos que permitan ao profesorado tomar nota daqueles aspectos relevantes do funcionamento xeral do grupo-clase mais dos aspectos máis destacables a nivel individual.

Os resultados obtidos desta avaliación, facilitarán a adaptación da programación á realidade da aula, centrando a atención nos aspectos onde os nenos/as tiveran máis dificultades ou facilitando o traballo.

A primeira sesión de cada unidade didáctica terá coma obxectivo, aemáis de mostrar ao alumnado os novos contidos a traballar, tomar nota dos coñecementos iniciais e nivel motriz de partida dos nenos/as.

**K. Medidas de atención á diversidade.**

Alumnado con NEAE por cursos:

1ªA EP incorporación tardía.

1ªA EP retraso global do desenvolvemento cunha discapacidade recoñecida do 36%

1ªA EP Absentismo escolar.

1ªB EP Absentismo escolar

2ªA EP Trastorno do Espectro Autista. Grao I

2ºB EP Diparesia espástica secundaria (dificultade motórica)

2ºB EP Síndrome X-fáxil. Retraso global no desenvolvemento (33% de discapacidade)

3ºB EP Trastorno do Espectro Autista grao II asociado a TEL (33% de discapacidade)

3ºB EP TEL.

4ºA EP Déficit auditivo e visual (65% de discapacidade). Síndrome de Stickler

4ºA EP Hipotonía Leve Axial non paralítica. TEL

4ºA EP Retraso madurativo e dificultades emocionais.

4ºA EP retraso da linguaxe

4ºA EP Altas capacidades.

4ºB EP retraso da linguaxe.

4ºB EP Incorporación tardía e situación de vulnerabilidade.

4ºC EP Problemas de comportamento.

5ºA EP Síndrome de Zelweger (xordo-cega).

5ºA EP Trastorno por déficit de atención e hiperactividade

5ºA EP TDAH, discapacidade intelectual e TEL

5ºA EP TDAH . Problemas de comportamento e emocionais

5ºA EP Disparexia espástica. Retraso leve no desenvolvemento. TDAH. Dislexia.

#### Disgrafía

5ºB EP TEL e TDAH

5ºB EP Neno epiléptico

5ºB EP Incorporación tardía

5ºB EP Trastorno da linguaxe e TDAH

5ºB EP Altas capacidades

5ºB EP Retraso do desenvolvemento. Dificultades de aprendizaxe

6ºA EP TDAH e ansiedade.

6ºA EP Trastorno da linguaxe e trastorno madurativo

6ºA EP desfase curricular por absentismo escolar.

6ºB EP. TDAH e TEL

Ademáis, hai escolarizado diverso alumnado con asma, deformidade nos pés que impican a utilización de plantillas e alteracións a nivel da columna vertebral.

A partir da observación do comportamento dos alumnos e alumnas, ademais dos



informes remitidos polo titor/a , os pais ou o equipo psicopedagóxico determinará a mellor intervención educativa posible en función das dificultades sensoriais, motóricas ou psíquicas que presente o alumno/a. As decisións que se tomen en cada caso serán individuais e persoais pero de forma xeral se reflexan nesta programación uns criterios de adaptabilidade que, sen dúbida, orientan ao profesor/a na planificación e desenvolvemento das súas clases, actuando como facilitadores do proceso de ensino-aprendizaxe das tarefas propias da Educación Física.

#### A) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NO MEDIO DE APRENDIZAXE

- Variar e multiplicar o material: balóns de diferentes tamaños e texturas, con cores vivas, etc. que en definitiva faciliten a percepción e aumenten as experiencias sensoriais.

- Reducir a altura da rede para os xogos: facilítase e simplifícase o xesto
- Reducir distancias en desprazamentos ou lanzamentos.
- Eliminar fontes de distracción.

#### B) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NA METODOLOXÍA

- Utilizar apoios verbais.
- Palabras xustas en número, axeitadas e destacando as importantes.
- Explicacións concretas e breves.
- Explicacións colocadas segundo a sucesión natural no tempo.
- A maior complexidade da tarefa menor cantidade de explicación previa.
- Palabras de ánimo que reforcen o éxito.
- Recorrer aos apoios visuais:
- Demostración do movemento para a súa imitación: modelos.
- Demostración do movemento adaptado para a súa imitación: modelos. Prestar apoios físicos.

- Situar ao neno/a na posición ideal de partida para realizar o movemento.
- Opoñerlle forza de resistencia para facelo interiorizar o movemento.
- Conducilo da man polo espazo.
- Progresión adaptada nos xogos con balón:
- Rodar-botar-lanzar.
- A altura nos pases (máis doado baixos que altos. Ex: altura do ventre, logo altura da cabeza).

- Estruturação axeitada das fases de aprendizaxe.

- Andar ou rodar en lugar de correr.
- Descompoñer en fases, exemplo: coller balón, parar, executar lanzamento, etc.
- Relación entre explicación e execución. Conceder tempo de asimilación e comprensión.
- Modificación do número de decisións: Serán máis reducidas as súas posibilidades.

C) ADAPTACIÓNS/MODIFICACIÓNS NA TAREFA:

- En relación coas regras: Exemplos:
  - Que o balón poida rodar en lugar de ser lanzado, botar máis veces antes de ser recollido ou devolto, etc.
  - Que se poida coller cunha ou as dúas mans, en lugar de ser devolto con golpeo.
  - Redución do número de puntos ou de tantos para gañar.
  - Reducir o tempo de xogo.
  - Prohibir devolver o balón ao que pasou, para fomentar o número de participantes no xogo.
  - Aumentar ou diminuír o número de xogadores en función do espazo.
  - Permitir axudas externas: permitir máis tempo de retención.

Igualmente as condutas pouco apropiadas ou que atenten á propia seguridade do alumnado observadas nas sesións comportarán un tratamento específico para modificar as sinerxias negativas por medio dun traballo individual diferenciado axeitado para a modificación da conduta negativa, dentro ou fóra da aula se fose necesario contando co apoio axeitado do titor/a, especialista e equipo de orientación.

Co fin de descubrir lesións, enfermidades ou deformacións que precisan unha intervención específica, evitando no posible apartar ao alumno ou alumna das actividades de Educación Física, solicitarase aos titores legais dos alumnos/as aportación de datos sobre posibles lesións, enfermidades ou alteracións que precisen unha adaptación da metodoloxía ou das tarefas (que amplíen os datos recollidos no curso anterior a través dun formulario enviado ás familias).

**L. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso**

Existen unha serie de temas que se manifestan de forma relevante na sociedade,

especialmente sensible nos últimos anos, e que pola súa relevancia deben ser tratados en todas as áreas do currículo explícita ou implicitamente. No artigo 11 do D.105/2014 cítanse estes elementos a traballar e que nos engadimos o noso traballo diario

Comprensión Lectora: Realizaranse xogos onde a comprensión lectora sexa moi importante para superar os retos, tendo que ler cada unha das pistas. Tamén nos break out e cando se realicen contos motores.

Expresión oral e escrita: comunicarse é moi importante para facerse entender, en todas as unidades terán que comunicarse pero concretamente nos retos e desafíos cooperativos será esencial utilizar ben a linguaxe para chegar a bo porto. A expresión oral e escrita tamén será importante cando se faga o noticiero deportivo e do camiño de Santiago na semana da prensa.

Comunicación Audiovisual: crearanse video-montaxes de actividades ou xogos tradicionais, bailes e outras actividades para compartir coas familias a través da aula virtual.

As TIC´s serán de axuda para os alumnos/as que deban permanecer na casa por lesións ou por mor da corentena derivada da pandemia.

O Emprendemento. Traballaranse xogos nos que os cativos teñan que realizar un esforzo adicional para alcadar unha meta. En sesións como a da forza terán que superarse a si mesmos e aos compañeiros para conseguir ser uns Fortachóns/nas. Na proposta de actividades (por grupos de traballo) axustadas a un contido determinado, na creación de pantomimas ou improvisacións, na creación de danzas...

A educación cívica e constitucional. Fomentarmos o respecto polas normas e regras dos xogos. Buscarase en todo momento extrapolar a actividade física das sesións á vida fóra da escola. O respecto ás normas do xogo, ao compañeiro e adversario, aceptar o resultado do xogo... son aspectos cívicos que nos preparan para a vida en sociedade.

Realizaranse unidades de xogos adaptados co obxectivo de crear no noso alumnado empatía coa xente con diversidade funcional coa intención de que valores máis o respecto polas diferenzas dentro da sociedade e da igualdade de oportunidades para todos/as

Ademais trataranse uns valores que están implícitas en cada unha das UD:

Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero // Prevención de calquera forma de violencia e resolución pacífica de conflitos// Evitación de comportamentos estereotipados, racistas e xenofóbicos //O desenvolvemento sostible e conservación do medio ambiente// Coñecemento dos riscos derivados de la utilización de las TIC// Protección ante urxencias e catástrofes// Valoración do espírito emprendedor e iniciativa empresarial// Educación e seguridade viaria.

**M. Actividades complementarias programadas**

- Xogos de pistas
- Simulación e preparación dun tramo do Camiño de Santiago (contribuíndo coa temática do Proxecto Integrado de Centro).
- Contribución da área coa dinamización do patio (Patios activos).
- Colaboración coa federación galega de tenis.
- Participación en XOGADE no programa de xogos populares

**N. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

Realizaremos unha revisión trimestral a través do seguinte cuestionario de avaliación

	ESCALA			
	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.				

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				

## ANEXOS

### I. Secuenciación das Unidades Didácticas:

#### PRIMEIRO CURSO

<b>1º Trimestre</b>	<b>1</b>	<i>Empezamos o curso</i>
	<b>2</b>	<i>Coñezo e controlo o meu corpo</i>
	<b>3</b>	<i>Os xogos do patio</i>
	<b>4</b>	<i>O meu corpo no espazo</i>
	<b>5</b>	<i>O magosto: xogos populares con castañas</i>
	<b>6</b>	<i>“Mil maneiras de chegar “(Desprazamentos)</i>
	<b>7</b>	<i>Os equilibristas (equilibrio estático e dinámico)</i>
<b>2º Trimestre</b>	<b>8</b>	<i>“Meu amigo o balón”( Lanzamentos e recepcións)</i>

	9	<i>Segue o ritmo (Percepción espazo-temporal)</i>
	10	“Os saltimbanquis” (Saltos)
	11	“Somos coma peonzas” (Xiros)
	12	“golpeo a pelota” (xogos con implemento)
<b>3º Trimestre</b>	13	“O meu corpo fala” (Expresión corporal)
	14	Que cousas tan distintas! (Xogos con material alternativo e de refugallo)
	15	Prevención de accidentes.
	16	<i>MOVÉMONOS NO CAMIÑO</i> : Proxecto inter e intra disciplinar a través do fío condutor do Camiño de Santiago. Xogos de orientación,
<p>Respectando o contido principal de cada UD, intentaranse traballar os contidos motrices (esferas de Castañer e Camerino) do xeito máis intradisciplinar posible, da forma que case todos estean presentes dun xeito ou doutro en cada un dos tres trimestres.</p>		

SEGUNDO CURSO:

<b>1º Trimestre</b>	1	<i>Empezamos o curso</i>
	2	<i>O meu corpo e o teu.</i>
	3	<i>Os xogos do patio</i>
	4	<i>Eu, ti e os obxectos no espazo.</i>
	5	<i>O magosto: xogos populares con castañas</i>
	6	<i>“Mil maneiras de chegar”</i> (Desprazamentos: identificación de patróns motores)
	7	<i>Os equilibristas</i> (equilibrio estático e dinámico)
<b>2º Trimestre</b>	8	Xogamos co balón
	9	<i>Segue o ritmo (Percepción espazo-temporal)</i>
	10	“Os saltimbanquis” (Saltos)

	11	“Somos coma peonzas” (Xiros)
	12	“golpeo a pelota” (xogos cooperativos con implemento)
<b>3º Trimestre</b>	13	“O meu corpo fala” (Expresión corporal)
	14	Que cousas tan distintas! (Xogos con material alternativo e de refugallo)
	15	Prevención de accidentes e primeiros auxilios.
	16	<i>MOVÉMONOS NO CAMIÑO</i> : Proxecto inter e intra disciplinar a través do fío condutor do Camiño de Santiago. Xogos de orientación, xogos populares (conmemoración das Letras Galegas).
<p>Respectando o contido principal de cada UD, intentaranse traballar os contidos motrices (esferas de Castañer e Camerino) do xeito máis intradisciplinar posible, da forma que case todos estean presentes dun xeito ou doutro en cada un dos tres trimestres.</p>		

### TERCEIRO CURSO

1º Trimestre	1	Unidade de presentación e saúde.
	2	Unidade de esquema corporal.
	3	Unidade de expresión corporal.
2º Trimestre	4	Unidade de percepción E-T
	5	Unidade de coordinación e equilibrio.
	6	Unidade de habilidades motrices básicas.
3º Trimestre	7	Unidade de xogos tradicionais.
	8	Unidade de xogos alternativos.
	9	Unidade de orientación.

CUARTO CURSO

1º Trimestre	1	Unidade de presentación e saúde.
	2	Unidade de esquema corporal.
	3	Unidade de expresión corporal.
2º Trimestre	4	Unidade de percepción E-T
	5	Unidade de coordinación e equilibrio.
	6	Unidade de habilidades motrices básicas.
3º Trimestre	7	Unidade de xogos tradicionais.
	8	Unidade de xogos alternativos.
	9	Unidade de orientación.

QUINTO CURSO

1º Trimestre	1	Empezamos o curso
	2	Xogos de condición física
	3	Xogos predeportivos: baloncesto
	4	Iniciación ao atletismo (desprazamentos, saltos e lanzamentos).
2º Trimestre	5	Iniciación ás actividades ximnásticas.
	6	Acroximnasia: iniciación ás montaxes coreográficas
	7	Xogos predeportivos: tenis
	8	Un salto cara a saúde I (xogos con combas )



3º Trimestre	9	Xogos predeportivos: béisbol
	10	Deportes adaptados
	11	Expresión corporal
	12	Introdución aos primeiros auxilios
	13	<u>Actividades de consolidación: MOVÉMONOS NO CAMIÑO</u> : Proxecto inter e intra disciplinar a través do fío condutor do Camiño de Santiago. Xogos de orientación, deportes tradicionais (conmemoración das Letras Galegas).

SEXTO CURSO

1º Trimestre	1	Empezamos o curso
	2	Medimos a nosa condición física
	3	Xogos predeportivos: balonmán
	4	Autosuperación atlética: carreiras, saltos e lanzamentos
2º Trimestre	5	Actividades ximnásticas: aparatos
	6	Xogos predeportivos: tenis
	7	Aeróbic
	8	Un salto cara a saúde I (montaxes coreográficas con combas)
3º Trimestre	9	Xogos predeportivos: ultimate.

	10	Expresión corporal (montaxes artísticas)
	11	Primeiros auxilios
	12	<u>Actividades de consolidación: MOVÉMONOS NO CAMIÑO:</u> Proxecto inter e intra disciplinar a través do fío condutor do Camiño de Santiago. Xogos de orientación, deportes tradicionais (conmemoración das Letras Galegas).

## II. Enquisa enviada ás familias ao inicio de curso:

### EDUCACIÓN FÍSICA: ENQUISA DE SAÚDE

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

Data de Nacemento: \_\_\_\_\_ Tlf: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_

Na seguinte enquisa debe contestar si ou non ás preguntas presentadas. En caso afirmativo, amplíe os datos.

- 1.- Padece o/a seu/súa fillo/a algún problema de tipo cardiovascular?
- 2.- Padece algún tipo de alerxia?
- 3.- Padece asma ou algunha dificultade respiratoria?
- 4.- Padece algunha doenza ou deformación dos ósos ou articulacións?

- 5.- Padece algunha deformación na columna?
- 6.- Padece algún tipo de deformación nos pés?
- 7.- Tivo algunha enfermidade de relevante importancia? ¿Cál?
- 8.- Compite o seu/súa fillo/a nalgún deporte federado? Cal e durante canto tempo?
- 9.- Fai algunha actividade artística (danza, baile, teatro...)? A que nivel?
- 10.- Considera que o seu/súa fillo/a ten unha vida activa? Aproximadamente cantas horas de actividade física (deportiva, xogar e correr na rúa, paseos en familia...) fai á semana?
- 11.- Expoña outras consideracións que vostede estime oportunas.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: Pai/Nai/Titor/a

NOTA: Non esqueza que si padece algún tipo de enfermidade ou doenza que lle impida desenvolver con normalidade as clases, deberá presentar xustificación médica para que se teña en conta á hora de ser o/a alumno/a avaliado/a.

**Calquera tipo de cambio que se produza en relación a esta enquisa, deberá ser comunicado á mestra de E.F.**

(A devolver á mestra de EF)